




María José Bravo Bosch



Ricardo Ventura



Andrés Olivares



María Pilar García Negro



Foto: Eduardo Castro Bal

Victorino Pérez Prieto é o responsable desta edición, con traballos seus, e de María José Bravo Bosch, Andrés Olivares, Ricardo Ventura e María Pilar García Negro

ACHEGA AS ÚLTIMAS NOVIDADES NAS INVESTIGACIÓNS SOBRE O TEMA DA MAN DE GRANDES EXPERTOS NA MATERIA

## A COLECCIÓN MANDAIO PUBLICA ESTE BIMESTRE *PRISCILIANO E O PRISCILIANISMO. DA CONDENA Á REHABILITACIÓN*

Nunha edición que estivo ao coidado de Victorino Pérez Prieto, o volume deste bimestre da colección Mandaio, *Prisciliano e o priscilianismo. Da condena á rehabilitación*, achéganos as últimas novidades que sobre a materia poden ofrecer as investigacións de grandes expertos na materia.

Prisciliano e o priscilianismo é un dos temas máis apaixonantes da historia galega, hispana e europea. Un tema que interesa aínda hoxe polos máis diversos motivos: desde os intelectuais (históricos, relixiosos, pensamento...) ata os máis populares. O tema resulta atractivo por ser Prisciliano un rebelde relixioso e social que acadou un gran segui-

mento en vida en todos os estamentos sociais, e moito máis de morto. E máis aínda polo feito concreto de morrer coma un mártir da intolerancia política e relixiosa, ou historias escuras que circulan sobre o priscilianismo (druidismo, maxia, heterodoxia...).

Este volume representa unha importante achega científica aos estudos sobre a materia, con aspectos moi novidosos, expresión dos descubrimentos e avances realizados nas últimas décadas e non tratados anteriormente. A actualidade do que hoxe sabemos de Prisciliano e o priscilianismo; unha análise xurídica do proceso de Tréveris que o levou ata a norte; o percorrido do priscilia-

nismo na Idade Media; ou o seu eco en Portugal. Traballos realizados por especialistas como Andrés Olivares Guillem ou Ricardo Ventura, as galegas M.<sup>a</sup> José Bravo Bosch e M.<sup>a</sup> Pilar García Negro, e Victorino Pérez Prieto, autor de *Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario*, e coordinador da obra.

O libro ofrece a posibilidade de descubrir ou afondar no coñecemento de quen, como di Victorino Pérez no prólogo, «no século IV promoveu unha Igrexa e unha sociedade máis igualitaria, democrática e xusta, que mesmo crebara as estruturas patriarcais que non recoñecían a igualdade da muller con respecto do varón».



**VICTORINO PÉREZ PRIETO (ED)**

**Prisciliano e o priscilianismo. Da condena á rehabilitación**

Biblos      Cartonado  
16,5 × 22 cm    128 páxinas

ISBN: 978-84-15086-23-9

15 €